



As palabras da tribo

Por Alejandro Tobar

NÓS

O termo “labirinto” chega até nós do grego Λαβύρινθος, despois, evidentemente, do moldeado que tivo a ben facer ese controlador de aduanas que foi o latín. Trátase dunha palabra con milenios de historia, unha señora palabra que, lonxe de perder vixencia, foi quen de estender os seus tentáculos cara a novas acepcións. Así, hoxe, non hai campo ao que non se teña afeito, non hai ring no que non se batese para saír triunfante: a mitoloxía, a administración pública, a xardinaxe, o mercado bolseiro, a arquitectura, a anatomía, a sociedade da información, a psicoloxía, o lercheo... Labirintos intrincados uns, labirintos de circunstancias outros; en calquera caso, labirintos.

Por miudiñas que sexan e por coitadiñas que parezan, as palabras, coma as persoas, son decididamente complexas. Tanto ten tomar como exemplo as preposicións “a” ou “até” como botar man da ostentación e rescatar do último caixón do dicionario o revirado vocábulo anatómico “esternocleidomastoideo”. Con franqueza, as diferenzas son ínfimas, insignificantes, e mesmo probablemente sexa máis interesante o estudo dese “até” ca o do adxectivo mencionado –e non repetido por mera preguiza–. Porén, se atendemos á relevancia das palabriñas na sociedade de hoxe, a do século XXI, aí o poema xa chimpa de estrofa, pois non é o mesmo sacar a colación o termo “grade”, que forma parte do que poderíamos denominar vocabulario do medio agrícola, de onde raro é que saia, que falar de palabras moito máis comúns, capaces de abarcar os máis diversos dominios, tal que “tabaco”, “trapallada” ou “tumor” –deume polo te, que cousas–. Nesta liña estaría “labirinto”, neste último grupo de poder.

As claras, a palabra “labirinto” reborda información. E logo non falamos do misterioso dos petróglifos de Mogor, esas rochas con gravados de labirintos, aló en Marín? E logo non é do máis normal falar do labirinto político no que se meteu tal ou cal goberno? E logo non houbo un tempo no que estivo á moda que nobres e monarcas europeos mandasen apañar os seus xardíns coa forma dun labirinto clásico? E logo a literatura galega non ten tirado proveito do recurso labiríntico até o punto de contar cun título coma *O centro do labirinto*? E logo os que nos interesamos pola mitoloxía grega non damos en relacionar inequivocamente a Teseo, o Minotauro e mais a un habelencioso Dédalo co Labirinto de Creta? E logo os betanceiros non teñen un labirin-

LUGO, 1983 **Escritor, autor de *Cremalleiras* (Tristram, 2008), estudou Filoloxía Inglesa na Universidade Complutense de Madrid e vive dende hai dous anos en Copenhagen.**

dimensións variábeis? E logo non son as matemáticas un labirinto de seu? E logo non sacara unha coñecida compañía alemá contra mediados dos oitenta un xogo de estratexia baixo o nome de *Labirinto*? E logo non existen nas costas de Escandinavia máis de medio millar de labirintos en pedra, aí, coma se nada, a rentes do mar Báltico, vendo pasar o tempo? E logo non ten o xadrez un aquel de labirinto? E logo non é o labirinto unha das máis fermosas construcións que pode haber en base a uns poucos cálculos xeométricos? E logo non hai un xogo de cartas, unha peza de ballet, unha ferramenta informática e mesmo un val da Antártida que nalgún momento da historia alguén deu en chamar Labirinto? En fin...

Semella evidente que o travestismo –é un xeito de o nomear tan válido coma calquera outro; con todo, se non gusta, sempre cabe a opción de substituílo por «capacidades camaleónicas»– da palabra “labirinto” non presenta dúbidas, fica fóra de todo debate, contrastado amplamente nas liñas precedentes. Pero hai máis, e mellor: o concepto de labirinto, a súa simboloxía, o seu decorrer histórico, os estudos que ten orixinado, a man de obra e os cartos que ten movido non pertencen a cultura ningunha de forma exclusiva e asema de todo isto non resulta alleo a

ningunha delas. Se por unha banda petróglifos coma o de Mogor, en Pontevedra, parecen datar do Neolítico, o tallado na tumba de Luzzanas, en Sardeña, parece remontarse entre dous mil ou dous mil cincocentos anos antes da nosa era; se nun principio os romanos botaron man del para deseñar os seus mosaicos, tamén séculos despois a arte do gótico non dubidou en repoñelos nos chan de igrexas e catedrais, e disto temos unha das mellores mostras nun territorio veciño e irmán, nas terras de Coimbra. Se a día de hoxe en boa parte das denominadas culturas occidentais o labirinto se erixe como elemento estético, os nosos devanceiros como tamén gran parte de Asia fixeron del un símbolo de meditación. É certo que o labirinto, e vén de vello, pode estimular o divertimento no tempo de lecer, como sucede co localizado nun deses estraños puntos de fronteira tripla, aquel no que conflúen Holanda, Bélxica e Alemaña, onde disque se organizan competicións lúdicas para todas as idades, mais tamén do labirinto se poden desprender momentos de gran tensión e suspense, como acontece con filmes e series televisivas, onde o malvado persegue a súa vítima por pasadizos intrincados, coítele en man. Tanto nos antigos cerimoniais de Xava ou Sumatra coma nos modernos parques de atraccións estadounidenses, o labirinto dispón dun espazo de seu, gañando a pulso. Estamos a falar dun elemento que, nas súas múltiples formas e variantes, existiu e existe en calquera parte do planeta; precede á globalización e ha de sobrevivir a ela. Como tal, dá testemuño e mesmo proporciona os sinais de identidade de cada pobo –tamén o noso– e ao tempo serve de nexo, propicia, como se di agora, a unión intercultural –adoito, por desgraza, malinterpretada–.

“Labirinto”, en definitiva, é unha palabra de carácter, unha palabra que, con independencia das variacións de pronuncia e representación gráfica de cada lingua, é común a todas elas e consecuentemente ás súas esencias culturais. Nós, os galegos, moldeámola así: “labirinto”. A min gústame. Gústame porque é a miña e gústame porque me conecta co mundo. Gústame a tal punto que afirmo que o labirinto, ao igual ca a lingua galega, é un cumio idóneo no que sentar e ollar esa panorámica cambiante que é a paisaxe do mundo. ●

LABIRINTO